

Decreto

O artigo 25.2.m) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle entre as materias sobre as que os municipios exercen competencias propias, a promoción da cultura.

A Cerámica é unha disciplina artística cun alto compoñente cultural. É unha ciencia e un arte que permite incentivar a creatividade e adquirir habilidades e sensibilizar as persoas ante o riquísimo patrimonio da cerámica.

Dentro da súa programación de actividades a concellería de Cultura ten a intención de poñer en marcha un obradoiro de cerámica.

Por todo isto, o concelleiro delegado de Cultura e Universidade acorda:

Primeiro.- Aprobar a realización da actividade cultural “*Obradoiro de Cerámica Primavera 2015*”, que terá lugar na Aula de Cerámica do Cuartel Sánchez Aguilera, cunha duración de 3 meses a partir do mes de abril de 2015.

Segundo.- Aprobar as seguintes **Bases** para a convocatoria do “Obradoiro de Cerámica Primavera 2015” e selección do seu alumnado:

1.- O obradoiro será impartido por profesorado cualificado e os destinatarios desta actividade serán as persoas **maiores de idade** que presenten a instancia de solicitude de acordo co establecido no punto 5 destas bases. Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello de Ferrol (o resto para o caso de vacantes).

2.- Darase formación a un máximo de catro grupos, formados por un máximo de 20 persoas.

3.- As ferramentas propias para a modelaxe, cortado e vaciado da cerámica correrán por conta do alumnado. O Concello unicamente aportará as instalacións, os fornos, o aerógrafo e as materias primas necesarias para o desenvolvemento inicial do obradoiro.

4.- As clases impartiranse os luns, martes, xoves e sábados, de acordo co seguinte horario:

luns: de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas

martes: de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas

xoves: de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas

sábados: de 9:30 a 11:30 horas e de 11:30 a 13:30 horas

5.- As persoas que desexen participar deberán formalizar unha solicitude que estará a súa disposición no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web municipal www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición. Deberá presentarse unha soa solicitude por cada alumno/a solicitante do obradoiro, indicando a orde de preferencia no horario (indicando 1 o de maior interese, 2 o seguinte e así sucesivamente ata o máximo de 4).

O período de inscrición será de **10 días hábiles** dende a data de publicación destas Bases na páxina web do Concello e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. O criterio de admisión será mediante rigurosa orde de entrada no Rexistro Xeral municipal e realizarase unha listaxe de persoas admitidas.

6.- Unha vez elaborada a listaxe de persoas seleccionadas será publicada e poderá ser consultada na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios). Xunto coa listaxe darase a coñecer do día de comezo da actividade.

7.- As persoas admitidas disporán dun prazo de **5 días hábiles**, dende a publicación da listaxe anteriormente citada na páxina web do Concello, para o pago do prezo de matrícula que ascende a 20 € (Ordenanza xeral reguladora do prezo público de actividades culturais do Concello de Ferrol).

A estes efectos, no negociado de Facenda e Patrimonio deste concello emitirase a correspondente carta de pago con indicación da conta bancaria de titularidade municipal na que deberán realizar o ingreso. Unha vez realizado dito ingreso presentarán o xustificante bancario no negociado de Cultura dentro do prazo anteriormente indicado.

Se no transcurso deste prazo non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario, considerarase que se renuncia á praza e pasará a adxudicarse ao correspondente solicitante suplente, ao que se lle notificará no teléfono ou correo electrónico que figure na súa solicitude.

8.- A ausencia reiterada e inxustificada de 3 días consecutivos ou 5 alternos poderá dar lugar á exclusión do alumno do obradoiro, dando entrada, por orde de inscrición, aos solicitantes na lista de reserva.

9.- O Concello de Ferrol, despois do remate do obradoiro, non se fará cargo nin custodiará nin o material nin os traballos realizados polos alumnos.

10.- Os alumnos deberán asinar todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza.

Así o manda e asina o concelleiro delegado de Cultura e Universidade, nomeado por decreto da alcaldía de data 13/04/2013, en Ferrol

O concelleiro delegado de Cultura e Universidade,

O secretario xeral,

Manuel-Reyes García Hurtado.